



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA A AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA E SE APROBAN OS SEUS ESTATUTOS”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en relación co “proxecto de decreto polo que se crea a Axencia Galega de Calidade Alimentaria e se aproban os seus Estatutos”, emite o seguinte:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

O artigo 148.1.7^a e 17 e artigo 149.1.30 da Constitución Española prevé que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias na materia de agricultura e gandaría, de acordo coa ordenación xeral da economía, e en materia de fomento da investigación e en materia de ensino.

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía de Galicia indica que de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, correspónelle á Comunidade Autónoma galega, nos termos do disposto nos artigos 38, 131, 149.1, 11 e 13, da Constitución, a competencia exclusiva das seguintes materias: “Agricultura e gandaría” e ten competencia plena en materia de regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 e no número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e nas leis orgánicas vixentes nesta materia.

O exercicio das competencias e funcións nos ámbitos da agricultura e gandaría corresponde á Consellería do Medio Rural, consonte co Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Así mesmo, o Estatuto de Autonomía de Galicia establece no seu artigo 4.2 que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para remover os obstáculos e facilitar a participación da cidadanía galega na vida política, económica, cultural e social.

Ademais, de conformidade cos artigos 27.1 e 28 do citado estatuto, correspónelle á Comunidade Autónoma galega, como competencia exclusiva, a organización das súas institucións de autogoberno e a execución da lexislación do Estado en materia de réxime xurídico da Administración Pública galega.



Así mesmo, segundo o artigo 39 do Estatuto de Autonomía de Galicia correspónelle á Comunidade autónoma galega a creación e estruturación da súa propia administración pública, dentro dos principios xerais e normas básicas do Estado.

A aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA) supuxo, xunto á Administración xeral da Comunidade Autónoma, a regulación de dúas categorías de entidades instrumentais e a necesidade de que todas as entidades instrumentais con personalidade xurídica propia, creadas por lei antes da súa entrada en vigor, se adaptasen aos novos tipos de entidades instrumentais.

A dita norma desenvolve no seu título III, o réxime xurídico das referidas entidades do sector público autonómico, coa finalidade de dar cabida e ordenar o conxunto de administracións independentes e de entidades de titularidade pública que, sendo controladas pola administración autonómica ou dependentes dela, contribúen á satisfacción dos intereses xerais de Galicia.

2. Acerto e oportunidade

O presente anteproxecto ten como finalidade a creación dun novo ente instrumental do sector público autonómico, coa configuración de axencia pública autonómica, así como a aprobación dos seus estatutos, de conformidade co previsto na disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico (LOFAXGA). Dita disposición establecía, no seu apartado quinto, que as normas de organización e funcionamento e os estatutos do Instituto Galego da Calidade Alimentaria deberán adecuarse ao disposto na lei para as axencias públicas autonómicas.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 47.3 da LOFAXGA, a dita creación vai necesariamente acompañada das previsións necesarias para evitar que se poida producir unha duplicación dos servizos públicos, o que implica a supresión ou restrición da competencia doutros órganos preexistentes.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, o Instituto Galego de Calidade Alimentaria foi creado polo artigo 31 da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e adscrito á Consellería do Medio Rural. Desenvolvía a súa actuación no ámbito da protección e promoción da calidade alimentaria e no de desenvolvemento de actividades de investigación e promoción da innovación tecnolóxica do sector agrario. O seu



Regulamento aprobouse polo Decreto 259/2006, do 28 de decembro, en desenvolvemento da referida Lei 2/2005, do 18 de febreiro.

En consecuencia, e aproveitando agora a necesaria adaptación do Ingacal á LOFAXGA a través da creación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, esta vaise dotar dos instrumentos necesarios para cumplir coa súa finalidade: promoción e protección da calidade alimentaria galega, concentrando as actividades investigadoras e de desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario.

En definitiva, con este modelo trátase de dar resposta á necesidade dun maior nivel de autonomía e de flexibilidade na xestión dos recursos destinados á calidade alimentaria, á formación e á investigación, reforzar os mecanismos de control de eficacia, promover a cultura da responsabilidade por obxectivos na xestión pública e permitir que a cidadanía coñeza de modo concreto e available os resultados das actuacións que se lle encarguen á referida axencia.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescripcións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia.

O 13 de xuño de 2016, a conselleira do Medio Rural, consonte co establecido no artigo 41.1 da Lei 6/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, ditou o acordo previo para que o Ingacal procedera á elaboración dos estatutos da Axencia Galega da calidade alimentaria.

Así, o Ingacal remitiu á Secretaría Xeral Técnica o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan, (artigo 41.2. apartados a), b), d), da Lei 16/2010, do 17 de decembro:

- Borrador de decreto.
- Plan económico-financeiro de creación da axencia.
- Plan estratéxico de posta en funcionamento da Axencia.

Unha vez recibida a documentación, este foi exposto no portal de Transparencia (08.08.2016 – 01.09.2016); así meñmo, se publicou na páxina web da Consellería (Portal de transparencia e goberno aberto), na relación dos procedementos de elaboración de disposicións



administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Transcorrido o período preceptivo non se recibiron alegacións ao proxecto do decreto.

Logo do estudo da documentación presentada, o 20 de marzo de 2017 o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Régime Xurídico Administrativo (Secretaría Xeral Técnica), elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería do Medio Rural (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Con data do 21 de marzo de 2017, a conselleira aprobou o borrador de decreto, e na mesma data a secretaria xeral técnica aprobou a táboa de vixencias. Tamén se incorporou ao expediente nesa data a Memoria de legalidade, acerto e oportunidade.

Entre os días 9 e 21 de marzo, solicitáronse os informes dos distintos departamentos sectoriales:

- Dirección de Planificación e Orzamentos,
- Dirección Xeral da Función Pública
- Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa
- Secretaría Xeral da Igualdade

O día 31 de marzo do 2017, a secretaria xeral de Igualdade emitiu informe de impacto de xénero relativo ao proxecto de decreto.

O 18 de abril de 2017, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos solicitou a remisión do Plan económico financeiro e a aclaración de determinadas cuestións, que foron remitidos pola secretaria xeral técnica o 2 de xuño de 2017.

O día 2 de xuño de 2017 remítense novos textos a informe, segundo o indicado pola DX Planificación e Orzamentos.; con posterioridade, tanto a DX Función Pública, como a DX Planificación e Orzamentos, solicitaron novas aclaraciones.

O día 1 de setembro do 2017, a directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, realizou requirimentos en relación co proxecto de decreto, que foron atendidos e remitidos pola secretaria xeral técnica o 4 de outubro de 2017.

O día 11 de outubro do 2017, a directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa emitiu un informe favorable ao proxecto do decreto.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

Así mesmo o día 18 de outubro do 2017 a Secretaría Xeral Técnica solicitou informe á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia sobre o proxecto de decreto.

O día 31 de outubro do 2017, o director xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable ao proxecto de decreto.

O día 1 de decembro de 2017, o director xeral da Función Pública emitiu informe favorable ao proxecto de decreto.

O día 18 de xaneiro de 2018 a Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural emitiu informe sobre o proxecto de decreto.

O día 7 de marzo de 2018, o Pleno do Consello Consultivo emitiu ditame sobre o proxecto de norma

4. Legalidade

O proxecto sométese á aprobación definitiva da persoa titular da Consellería do Medio Rural e finalmente remitirse á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

De acordo co indicado considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade, compróbase que se cumpriron todos los trámites preceptivos, polo que se informa favorablemente.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2018

A Secretaría Xeral Técnica

Carmen Branco Montero